

CONVOCATORIA DA TERCEIRA EDICIÓN DOS PREMIOS CLIMÁNTICA POR TRABALLOS PRESENTADOS AO SEGUNDO CONGRESO DE ESTUDANTES DE CLIMÁNTICA



Co obxectivo de sensibilizar sobre o problema do cambio climático, a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible convoca a TERCEIRA EDICIÓN dos Premios Climántica. Os terceiros premios consisten nunha estancia de 5 días nun equipamento de Educación Ambiental de Galicia no que tamén se desenvolverán activida-

des deportivas e de lecer. Esta estancia levarase a cabo ao remate do curso 2008-2009 en dúas quendas diferentes: entre o 25 e o 29 de xuño para 6º de primaria e para ESO e entre o 7 e o 11 de setembro para bacharelato, ciclos formativos e universidade. Os alumnos universitarios que teñan cursado no curso 2008-2009 Educación Ambien-

tal e cuxos traballos resulten premiados, durante o campamento desenvolverán prácticas sobre propostas educativas para os demais compañeiros premiados. Os premios outorgaranse por traballos enviados para publicar no segundo número da revista CLMNTK e que se presentarán no Segundo Congreso de Estudiantes Climántica.

Establécense as seguintes categorías:

1. LITERATURA:	2. MULTIMEDIA:	3. ARTES PLÁSTICAS:
Redaccións, relatos reais e de ficción ou poesía cuxa temática xire sobre algún tema que se trate no proxecto.	Os formatos nos que se presenten deben responder ás seguintes características técnicas: resolución mínima 320 x 240. Formato de vídeo: mov, mp4, vob, dv, flv, avi, 3gp.	Ademais do orixinal, acompañase unha copia dixital en formato jpg ou bmp.
1.1 Narrativa	2.1 Curtos nos que se conte unha historia sobre a base dun guión. Pequenos vídeos.	3.1 Fotografía. Cada foto debe levar unha breve referencia do que autor/a quere comunicar con ela.
1.2 Poesía	2.2 Presentacións	3.2 Debuxos
1.3 Cómic	2.3 Entrevistas, representacións teatrais e cancións gravadas	3.3 Pósteres. Neste caso deberá facerse chegar o orixinal ao enderezo de contacto de Climántica.

Cada traballo que se envíe deberá ir acompañado da **ficha de inscrición** na que o autor/a ou autores (máximo 3 membros por grupo) describan o que desexan comunicar co traballo.

Os traballos remitiranse á seguinte dirección de correo electrónico **concursos@climantica.org** ou ben ao enderezo de contacto de Climántica. O prazo de presentación de traballos vai desde o 11 de febreiro ate o 10 de maio de 2009.

Todos os traballos que cumpran os requisitos mínimos inseriranse na web na sección **Estudiantes** dentro do epígrafe de **Biblioteca**. Todos os traballos que sexan incorporados á web de Climántica tamén se publicarán na revista dos estudantes de Climántica CLMNTK e serán premiados con unha camiseta, unha carpeta e un caderno de Climántica que se entregarán coa acreditación no II Congreso CLMNTK.

O ENVÍO DE TRABALLOS PARA O CONCURSO DACHE DEREITO A PARTICIPAR NO CONGRESO DE AUTORES QUE REMATARÁ COA ENTREGA DE PREMIOS

Os traballos elixidos para publicar na revista dos estudantes de Climántica CLMNTK presentaranse no II Congreso de estudantes de Climántica. **Os premios serán comunicados neste SEGUNDO CONGRESO DE AUTORES CLIMÁNTICA** que se celebrará no Palacio de Congresos de Pontevedra o 20 de xuño de 2009.

Na quenda de xuño premiarase a un número máximo de 30 estudantes de 6º de Primaria e de ESO e outros tantos para bacharelato e ciclos de grao medio e superior na quenda de setembro. Nesta segunda quenda premiarase tamén a un número máximo de 6 estudantes universitarios que teñan cursado no curso 2008-2009 Educación Ambiental (EA). Estes estudantes terán ocasión de actuar de monitores, poñendo en práctica propostas de EA de elaboración propia que seleccione o equipo Climántica. Os premios poderán declararse premios desertos, sempre que o xurado considere que non hai suficientes traballos de calidade para cubrir os 30 premios de ESO e 6º de Primaria, os 30 de bacharelato e ciclos formativos; e os 6 de universidade.

Os criterios que se seguirán para avaliar os traballos serán:

- Que exista unha relación clara co proxecto.
- Orixinalidade.
- Elaboración rigorosa.
- Capacidade de sensibilización.
- Grao de madurez na elaboración técnica.
- Que se mostren relacións entre coñecementos diferentes e comprensión dos mesmos.

Para poder percibir o premio, o estudante deberá presentar antes da saída unha certificación académica en conforme estivo matriculado durante o curso 2008-2009 nun centro de ensino no nivel polo que concursou, copia certificada do DNI e se fora menor de idade unha **autorización**, permitíndolle asistir á estancia, asinada polo pai, nai ou titor legal.

Os grupos - clase poden presentar obras de teatro, cancións, etc., como propostas para formar parte das actividades artísticas do congreso. Estas representacións faranse chegar gravadas nun DVD ao enderezo de contacto de Climántica. Os grupos de clase autores destas representacións seleccionadas serán premiados con un itinerario didáctico dun día de duración. Este itinerario terá lugar nunha xornada completa da primeira semana de clase de setembro.

PODES TER APOIO TÉCNICO

Se tes dificultades co teu proxecto podes recibir apoio técnico enviando un correo electrónico **concursos@climantica.org**

¿QUE FAREMOS NO CONGRESO?

Presentaremos os nosos traballos e asistiremos a representacións teatrais, conta contos, e espectáculos de imaxe e son. Para asistir ao congreso dispoñemos de autobuses e comunicárase ao centro o lugar da parada onde o collemos que será onde nos deixe. Tamén se indicará a hora de saída e a hora aproximada á que chegaremos.

¿QUE ACTIVIDADES FAREMOS NA ESTANCIA SE O NOSO TRABALLO RESULTA PREMIADO?

Para a estancia dos premiados de ESO (do 25 ao 29 de xuño), as actividades desenvolveranse en illas e lugares costeiros de Galicia e os desprazamentos e as noites faranse nunha goleta:

- Navegación de día e prácticas de orientación nocturna mediante a observación das estrelas.
- Prácticas sobre a relación do clima e do cambio climático no medio mariño en xeral e nas rías.
- Obradoiros sobre o medio mariño e a súa conservación.
- Rotas de sendeirismo.
- Observación de estrelas, planetas e da lúa con telescopio.

- Xogos de orientación con compás.
- Navegación nocturna orientándose co compás.
- Piragüismo.
- Obradoiros en lugares de interese ambiental en zonas costeiras.
- Preparación do festival de despedida.



As actividades dos premiados de bacharelato, como serán do 7 ao 11 de setembro, concretaranse nun programa que se publicará en **www.climantica.org** a semana antes de iniciarse a estancia.